

1 **REGULAMENTO DA ASEMBLEA NACIONAL CONSTITUÍENTE DE**
2 **ESPAZO SOCIALISTA GALEGO**

3
4 **Artigo 1**

5 Poderán tomar parte como asembleístas con pleno dereito de voz e voto á Asemblea
6 Nacional Constituínte de Espazo Socialista Galego (ESG) todas aquelas persoas
7 convocadas á mesma que se identifiquen co Proxecto Nacionalista Galego desde
8 unha óptica socialista e libremente desexen participar na constitución dunha opción
9 partidaria no seo do BNG baixo estas coordenadas. Fíxase para esta asemblea como
10 cota xenérica de 10 €, e 5 € para a mocidade, cantidade que deberá ser abonada por
11 cada persoa na asemblea ao acreditarse.

12
13 **Artigo 2**

14 Como observadores ou observadoras, sen voz nen voto, poderán asistir á Asemblea
15 Nacional os e as simpatizantes convidados.

16
17 **Artigo 3**

18 A Comisión Xestora Nacional do proceso Espazo Aberto aprobará o texto definitivo
19 dos relatorios, enviándoos ás comarcas para a súa discusión. Estes textos irán
20 acompañados dos votos particulares sempre que os interesados ou interesadas,
21 membros da Xestora Nacional, manifesten a vontade de mantelos.

22
23 **Artigo 4**

24 As Asembleas Comarcais do proceso Espazo Aberto debaterán os relatorios e votos
25 particulares, podendo formular emendas á totalidade ou parciais. Para que unha
26 emenda pase a debate na Asemblea Nacional Constituínte, precisa dunha votación
27 favorábel dun mínimo do 20% dos votos emitidos na Asemblea Comarcal
28 correspondente.

29
30 **Artigo 5**

31 Os debates realizaranse en plenario, e en sesión de mañá e tarde. A propia Asemblea
32 Nacional Constituínte elixirá unha Mesa do Plenario que dirixirá os debates da
33 mesma. A citada Mesa estará composta por cinco membros dos que un ou unha
34 exercerá a Presidencia e dous ou dúas a Secretaría, sendo estes últimos
35 responsábeis de elaborar a acta da Asemblea.

36
37 **Artigo 6**

38 A Comisión Xestora Nacional designará ás persoas encargadas de defender os textos
39 oficiais no Pleno.

40
41 **Artigo 7**

42 Os e as emendantes sinalarán portavoz para defender as emendas. En ausencia
43 destes, se ningún membro asume a súa defensa, a emenda entenderase desbotada.

44
45 **Artigo 8**

46 No debate de cada emenda haberá un turno a favor e outro en contra, seguidos, se
47 fose necesario a criterio da Presidencia da Mesa, dun turno de réplica.

1 **Artigo 9**

2 Relatores e emendantes poderán chegar a emendas transaccionais. Neste caso
3 someteranse as dúas a votación, primeiro a orixinal e en segundo lugar a
4 transaccional, sempre que alguén quixera manter o texto orixinal.

5
6 **Artigo 10**

7 Se unha emenda é aprobada, o seu texto substituirá ao correspondente do relatorio.
8 Se todas foran rexeitadas, entenderase aprobado o texto orixinal da mesma.

9
10 **Artigo 11**

11 Cada relatorio someterase á decisión final do pleno que os aprobará ou rexeitará no
12 seu conxunto nunha soa votación. O pleno aprobará as propostas que acaden maioría
13 simple, isto é, que contén con máis votos a prol que en contra.

14
15 **Artigo 12**

16 Os e as asembleístas terán de prazo ata as 16:30 h., cando se inicie a sesión de
17 tarde, para presentar ante a Mesa do Plenario propostas de Resolución da Asemblea
18 Nacional, que serán aprobadas polo Consello Político Nacional unha vez reunido após
19 ser electo.

20
21 **Artigo 13**

22 A Asemblea Nacional Constituínte elixirá 25 membros para formar parte do Consello
23 Político Nacional. A elección farase por medio candidaturas pechadas, que deberán
24 contar cunha lista de titulares igual ao número de postos a cubrir máis un mínimo de 5
25 suplentes, e deberá presentarse ante a Mesa da Asemblea antes do remate da sesión
26 de mañá da mesma. As candidaturas garantirán a paridade de xénero.

27
28 **Artigo 14**

29 En caso de se presentaren máis dunha candidatura, a votación será secreta e os
30 postos distribuiranse polo procedemento proporcional directo. Se só existise unha e
31 ninguén solicita o contrario, a votación faríase a man alzada, quedando proclamada
32 se obtén máis votos a prol que en contra. En caso de que alguén solicite voto secreto,
33 a elección faríase deste xeito.

34
35 **Artigo 15**

36 A Comisión Xestora Nacional do proceso Espazo Aberto poderá presentar unha
37 proposta de candidatura de Consello Político Nacional, se esta é aprobada
38 previamente cun respaldo de 3/5.

39
40 **Artigo 16**

41 A Secretaria Xeral recaerá en quen encabece a lista máis votada.

42
43 **Artigo 17**

44 Posteriormente, o novo Secretario ou a nova Secretaria Xeral presentará unha
45 proposta de Comisión Executiva Nacional, que deberá contar coa aprobación
46 maioritaria da Asemblea Nacional.

47
48 **Artigo 18**

49 Cando cause baixa un membro do Consello Político Nacional, o seu posto será
50 cuberto co seguinte da lista correspondente.

1 **Artigo 19**

2 Posteriormente á elección do Consello Político Nacional, o Pleno procederá á elección
3 dos membros da Comisión de Garantías, a proposta do Consello Político Nacional,
4 tendo que acadar un apoio asemblear de 3/5. Esta lista estará composta por 5
5 titulares e 2 suplentes, que non poderán tomar parte do Consello Político Nacional.

6
7 **Artigo 20**

8 O novo Consello Político Nacional reunirse no prazo dun mes logo da Asemblea
9 Nacional, para o cal as asembleas comarcais deberanse ter constituído e eleito ás
10 correspondentes secretarías comarcais, que se incorporarán a este órgano. Nas
11 reunións das asembleas comarcais, ademais da elección das diferentes
12 responsabilidades políticas nese ámbito territorial, deberanse concretar os acordos da
13 Asemblea Nacional no ámbito de cada comarca, formulando unha análise e unhas
14 liñas de traballo comarcais no terreo político e organizativo, que deberán ser postas
15 en coñecemento do Consello Político Nacional.

16
17 **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

18
19 **D. A. Primeira**

20 O novo Consello Político Nacional editará os textos aprobados no prazo máximo de 3
21 meses tras a celebración desta Asemblea Nacional Constituínte.

22
23 **D. A. Segunda**

24 As emendas ao presente Regulamento non poderán ter carácter retroactivo. Por
25 tanto, o Regulamento, unha vez aprobado pola Xestora Nacional do proceso Espazo
26 Aberto, será válido e inemendábel ata a constitución da Asemblea Nacional
27 Constituínte, podéndose na propia Asemblea na sesión plenaria acordar
28 modificacións.

29
30 **D. A. Derradeira**

31 A Mesa que preside a Asemblea Nacional está facultada para interpretar este
32 Regulamento en casos de dúbida ou omisión.

BASES ESTATUTARIAS

CAPITULO I: PREÁMBULO

1.- Co presente documento regúlanse as bases estatutarias da organización política que toma a denominación de Espazo Socialista Galego (ESG)

2.- ESG constitúese como partido político dentro do BNG, asumindo os principios ideolóxicos programáticos e orgánicos do BNG.

3.-, Dentro das devanditas coordenadas, e no ámbito do nacionalismo galego de esquerda, o ideario propio de ESG é o que se recolle no Documento de Principios Ideolóxicos e Políticos.

CAPITULO II: CRITERIOS ORGANIZATIVOS

1.- ESG basea o seu funcionamento no estrito respecto á democracia e na participación das bases na toma de decisións, así como na corresponsabilidade da militancia coa organización que actuarán dentro dunha estrutura orgánica áxil e dinámica.

2.- De acordo con esta formulación xeral, ESG adopta como criterios organizativos fundamentais os seguintes:

a. **Territorialidade.** ESG dótese dunha estrutura territorial baseada na constitución dos grupos assemblearios comarcais. Garantírase a representación dos grupos de base nos órganos de dirección superiores.

b.- **Adhesión individual.** A afiliación a ESG farase a título individual. Admitírase a integración de grupos ou colectivos xa existentes que, previa ratificación do Consello Político Nacional, unha vez integrados, desaparecerán como tais colectivos.

c.- **Decisións maioritarias e respecto ás minorías.** Aos diferentes niveis as decisións serán adoptadas por maioría, debendo ser respectadas estas decisións polos e polas membros da Organización. Respectarase a liberdade de conciencia e de expresión de cada militante, que poderá expresala no ámbito interno da organización, quer de xeito individual, quer de forma colectiva formada polos militantes quer apoien esa corrente de opinión. Admítese a discrepancia pública, sempre que non formule contradición operativa coas decisións maioritarias de ESG.

d.- **Flexibilidade e revogabilidade dos cargos.** Todos os membros da Organización serán electores e poderán ser elixidos e elixidas para calquera cargo. Todos os seus cargos poderán ser rexeitados, en calquera momento, polos seus electores.

e.- **Direccións colexiadas.** Nos diferentes niveis os órganos de dirección terán un carácter colexiado, tomándose as decisións por maioría dos seus integrantes. Á Secretaria Xeral, aos secretarios e ás secretarias comarcais e no seu caso locais, competeralles a representación pública de ESG nos diferentes niveis para os que foron elixidos.

CAPÍTULO III: DAS E DOS MEMBROS

1.- Poderá ser membro de ESG calquera persoa que, aceptando os criterios organizativos e os principios da mesma, solicite o seu ingreso e non manteña militancia noutra organización política partidaria.

2.- A nova ou novo militante deberá ser presentada ou presentado por algún membro de ESG ao Consello Comarcal correspondente.

Aceitada ou aceptado por esta, deberá solicitar a súa afiliación como militante ao BNG caso de non pertencer previamente á Frente.

3.- Son dereitos dos membros:

a) Participar activamente e libremente na definición da liña política de ESG así como na toma de decisións.

b) Elixir e ser elixido ou elexido para calquera cargo.

c) Recibir todo tipo de formación e información política xerada pola organización.

d) Exercer o control político dos seus elixidos e responsábeis, mantendo sempre o respecto ás persoas e a suxeición ás canles regulamentariamente establecidas.

4.- Considéranse como deberes dos membros respectar os criterios organizativos e os principios políticos e programáticos de ESG, así como pagar as cotas regularmente.

5.- A perda da condición de membro de ESG atenderá aos seguintes supostos:

a) Por decisión voluntaria do propio militante.

b) Por decisión maioritaria do Consello Político Nacional, previa proposta tamén por maioría absoluta da Asemblea Comarcal correspondente.

c) Por falta de pagamento de 6 mensualidades da cota de ESG, previa notificación escrita da situación de falta de pagamento. Fican a salvo os casos nos que se xustifique que a falla de cotización é debida a unha situación de imposibilidade económica ou calquera outra causa de forza maior, que lle impida facer fronte á mesma.

6.- A militancia poderá acudir á Comisión de Garantías no caso de que consideren abusivas ou antiestatutarias determinadas resolucións. Calquera resolución fica en suspenso até que resolva a Comisión de Garantías, no caso de ser recabada a súa actuación.

CAPÍTULO IV: DA ORGANIZACIÓN NACIONAL

1.- A ORGANIZACIÓN NACIONAL de ESG estrutúrase con base na Asemblea Nacional, o Consello Político Nacional, a Comisión Executiva Nacional, Secretaria Xeral e Comisión de Garantías.

2.- A ASEMBLEA NACIONAL é o máximo órgano de decisión de ESG e está composta por todos os militantes da mesma. As súas atribucións serán a definición ou modificación dos principios políticos e programáticos e dos criterios organizativos, a fixación política xeral e a elección dos cargos nacionais. As conclusións asembleares constitúen o corpo doutrinal de ESG e teñen que ser asumidas, respectadas e defendidas por toda a militancia.

3.- A ASEMBLEA NACIONAL reunirase dun xeito ordinario cada dous anos mediante convocatoria, con tres meses de antelación, do Consello Político Nacional, quen

1 deberá presentar á mesma un informe da súa xestión. Asegurarase, en todo caso, o
2 prazo de tempo imprescindible para a recepción dos relatorios e emendas que se
3 presenten.

4 Extraordinariamente poderase reunir a solicitude terzo dos membros do Consello
5 Político Nacional, da Comisión Executiva Nacional ou mesmamente un tercio das
6 Asembleas Comarcais, debendo reunirse a asemblea nun prazo mínimo de dous
7 meses e máximo de seis desde a data de solicitude.

8
9 4.- A ASEMBLEA NACIONAL elixirá a 25 membros do Consello Político Nacional.
10 Estes e estas as serán electos e electas en lista fechada e o Consello Político
11 Nacional saínte poderá propor por maioría de 3/5 unha proposta de lista. Resultará
12 electo Secretario Xeral ou electa Secretaria Xeral quen encabece a lista máis votada.

13
14 5.- O CONSELLO POLÍTICO NACIONAL estará composto polos 25 membros elixidos
15 pola Asemblea Nacional, sumándose ademais á mesma os secretarios comarcais. Así
16 mesmo formarán parte do Consello Político Nacional membros do Partido que tomen
17 parte do Consello Nacional do BNG e o máximo ou a máxima responsábel da
18 organización xuvenil. Por decisión de 2/3 dos membros do Consello Político Nacional,
19 poderanse convidar e/ou incorporar a este órgano a outras persoas, que poderán
20 participar nas deliberacións co voz pero sen voto.

21
22 6.- O CONSELLO POLÍTICO NACIONAL constitúe o máximo órgano entre a
23 celebración das Asembleas Nacionais. Reunirse, ordinariamente cada mes,
24 convocado pola Secretaría Xeral e extraordinariamente a petición dun terzo dos seus
25 membros ou da mesma Comisión Executiva Nacional, respectándose sempre o prazo
26 de 7 días de antelación e facilitándose a orde do día previa.

27 Serán competencias do Consello a aplicación e concreción das liñas políticas xerais
28 definidas pola Asemblea Nacional, definición de alternativas políticas concretas, a
29 fixación do réxime de cotización e control das finanzas, formación, propaganda e
30 relación cos medios de comunicación e outras organizacións políticas.

31 Será tamén competencia do Consello Político Nacional a designación dos membros
32 da organización que deban integrarse nos órganos nacionais de dirección do BNG.

33
34 7.- A COMISION EXECUTIVA NACIONAL integrarase de entre os membros electos
35 no Consello Político Nacional, entre os que estarán cando menos a Secretaría Xeral,
36 Secretaría de Organización, Secretaría de Finanzas, Secretaría de Muller e Secretaría
37 de Mocidade, recaendo esta última no máximo ou a máxima responsábel da
38 organización xuvenil.

39 A Comisión Executiva Nacional será eleita en lista pechada e a proposta da
40 Secretaría Xeral, debendo contar ademais coa aprobación maioritaria da Asemblea
41 Nacional. Durante o período interassemblear, poderá remodelarse este organismo, a
42 proposta da Secretaría Xeral, contando cun refrendo dos 3/5 do Consello Político
43 Nacional.

44 O número de membros virá determinado en base ás áreas de responsabilidade e a
45 maiores o Secretario Xeral, non sendo en ningún caso inferior a 7.

46 Terá como atribucións a coordinación e a dinamización da organización e o control de
47 finanzas, propaganda e relación cos medios de comunicación e outras organizacións
48 políticas, estas últimas por delegación do Consello Político Nacional.

49 Igualmente é o órgano encargado de realizar todas as actividades que sexan precisas
50 para o cumprimento das funcións do partido e que non estean estatutaria ou
51 regulamentariamente reservadas a outros órganos. As súas deliberacións serán
52 reservadas, levantándose acta dos acordos tomados.

1 Debe estar estruturado por áreas concretas de traballo e responder directamente da
2 súa xestión perante o Consello Político Nacional. Mais é preciso subliñar que o
3 Consello Político Nacional non debe inmiscirse na xestión das áreas, a vía axeitada
4 será o control de esa xestión e a posíbel demanda de responsabilidades.

5 Durante o período interasemblea as diferentes responsabilidades da Comisión
6 Executiva Nacional poderán ser renovadas por decisión da maioría absoluta do
7 Consello Político Nacional.

8 A Comisión Executiva Nacional debe, para mellorar a súa efectividade impulsar
9 comisións de traballo abertas a toda a militancia, coordinadas por unha persoa da
10 Executiva e cunha dinámica de traballo propia.

11
12 8.- A SECRETARIA XERAL será desempeñada polo máximo ou pola máxima
13 responsábel do Partido en todos os ámbitos. Responderá conxuntamente do traballo
14 da Executiva Nacional e presidirá todos os actos e órganos do Partido. Á Secretaria
15 Xeral correspóndenlle a portavocía do Partido sendo, salvo delegación específica, a
16 única voz oficial. Poderá delegar nos diferentes membros da Comisión Executiva
17 aquelas cuestións que considere oportunas, se ben esta delegación deberá ser
18 aprobada pola propia Comisión Executiva Nacional.

19 Será electo ou electa pola Asemblea Nacional, unha vez que a candidatura que
20 encabece teña atinxido o maior número de votos.

21 A súa vacante será cuberta até a celebración da Asemblea, por decisión do Consello
22 Político Nacional, por maioría de 2/3.

23
24 9.- A SECRETARÍA DE ORGANIZACION terá como cometido o de impulsar a
25 organización de ESG a todos os niveis e sempre de acordo coas directrices
26 emanadas do Consello Político Nacional en colaboración directa coa Secretaría Xeral.

27
28 10.- A SECRETARÍA DE FINANZAS terá como competencias a xestión das finanzas
29 e o seguimento da xestión dos servizos complementares que se aproben polo
30 Consello Político Nacional. A súa xestión será supervisada polo Secretaría Xeral.

31
32 11.- A Asemblea Nacional elixirá unha COMISION DE GARANTÍAS, que estará
33 composta por 5 membros e 2 suplentes que non poderán pertencer ao Consello
34 Político Nacional. En cada unha das actuacións da Comisión de Garantías absterase
35 os membros que pertenza á mesma Comarca de orixe do conflito, sendo substituídos
36 polos suplentes. A súa función será a de intervir en todas as reclamacións de
37 militantes e órganos de ESG que serán resoltas nun prazo máximo de 60 días.

38 Os acordos da Comisión de Garantías tomaranse por maioría de 2/3. A Comisión de
39 Garantías é o órgano supremo de control de medidas disciplinarias internas, tanto
40 de carácter individual sobre os/as militantes como de carácter colectivo sobre órganos
41 de ESG, sendo as súas resolucións definitivas e inapelábeis. A Comisión de
42 Garantías dotarase dun regulamento de funcionamento que terá de ser aprobado por
43 unha maioría de 2/3 do Consello Político Nacional.

44 45 **CAPÍTULO V: ORGANIZACIÓN COMARCAL E LOCAL**

46
47 1.- ESG basea a súa estrutura na constitución de grupos assemblearios comarcais
48 (Comarcas), estando formados os mesmos por toda a militancia da Comarca.
49 Considerando a estruturación comarcal asumida polo BNG, as comarcas son
50 Ferrolterra, A Coruña; Bergantiños; Compostela; A Montaña; A Barbanza; Muros-
51 Noia; Costa da Morte; Pontevedra; O Salnés; O Morrazo; A Estrada; O Deza; Vigo;

1 Baixo Miño; A Mariña Luguesa; Lugo Centro; Lugo Sul; O Ribeiro; Ourense-O
2 Carballiño; Allariz-A Limia; Monterrei; Valdeorras; e A Emigración.

3
4 2.- Para se constituír unha comarca cos dereitos e competencias que se reseñan máis
5 adiante será preciso:

6 a) Acordo maioritario da militancia desas localidades reunidos en asemblea
7 convocada ao efecto.

8 b) Acordo provisorio do Consello Político Nacional de ESG e posterior ratificación da
9 Asemblea Nacional. Durante o tempo que pase entre o acordo do Consello Político
10 Nacional e a ratificación da Asemblea, a Comarca afectada terá todos os dereitos e
11 competencias que se lle recoñecen ao resto das Comarcas xa constituídas.

12
13 3.- A ASEMBLEA COMARCAL é o máximo órgano de decisión de ESG na comarca e
14 está composta por toda a militancia da mesma. As súas atribucións será a definición
15 dos criterios políticos e organizativos da comarca e a elección dos cargos comarcais.

16
17 4.- A Asemblea Comarcal reunirse dun xeito ordinario cada tres meses mediante
18 convocatoria, con 15 días de antelación, do Consello Político Comarcal, quen deberá
19 presentar á mesma un informe da súa xestión. Asegurarase en todo caso, o prazo de
20 tempo imprescindible para a recepción das convocatorias e documentación necesaria
21 para os debates. Extraordinariamente poderase reunir a solicitude dun tercio da
22 militancia da Comarca ou a petición da maioría simple dos membros do Consello
23 Político Comarcal, efectuada cunha antelación mínima de sete días.

24
25 5.- Naquelas localidades en que o número de militantes sexa superior a 6, poderanse
26 constituír Asembleas Locais que elixirán un Consello Político Local non inferior a 3 nin
27 superior a 6 membros. De entre eles elixirán unha Secretaría Local. A súa
28 composición e competencias serán similares ás indicadas para as Comarcas máis
29 sempre dentro do seu ámbito e supeditadas as súas decisións e actuacións á
30 aprobación do Consello Político Comarcal naqueles asuntos que podan repercutir na
31 Comarca de maneira xeral.

32
33 6.- As Comarcas elixirán un Consello Político Comarcal, sendo os seus membros
34 elixidos entre a militancia da comarca seguindo o procedemento de elección dos
35 órganos nacionais. Este Consello Político Comarcal, elixido pola Asemblea Comarcal,
36 estará composto por un número de membros non inferior a 5 nin superior a 9. Quen
37 asuma a Secretaría de cada Consello Político Local pasará a ser membro de pleno
38 dereito do Consello Político Comarcal.

39 De entre os seus membros elixirase un Secretario Comarcal ou unha Secretaria
40 Comarcal, un Vicesecretario ou unha Vicesecretaria Comarcal, un Secretario ou
41 Secretario de Organización e un Secretario ou Secretaria de Finanzas. Serán
42 atribucións súas a organización de Comarca, a coordinación dos grupos locais, as
43 relacións cos medios de comunicación e outras organizacións políticas da comarca. A
44 Vicesecretaría Comarcal substituirá á Secretaría Comarcal, con voz e voto, cando
45 este ou esta non poda asistir aos Consellos Políticos Nacionais. O ou a Responsábel
46 Comarcal da organización xuvenil integrará, como membro nato, o Consello Político
47 Comarcal. Reunirse ordinariamente unha vez ao mes convocada polo Secretario
48 Comarcal e extraordinariamente e extraordinariamente a petición dun tercio dos seuse
49 das súas integrantes, respectándose sempre o prazo de catro días facilitándose a
50 orde do día previa.

1 **CAPÍTULO VI: DAS MOCIDADES.**

2
3 1.- A Asemblea da organización xuvenil de ESG, composta pola militancia moza que
4 actúa politicamente en ámbitos xuvenís, ten como función deseñar a política de
5 xuventude de ESG e, así mesmo, impulsar as ideas e liñas políticas de ESG entre a
6 mocidade.

7
8 2.- A militancia da organización xuvenil de ESG deberán solicitar a súa afiliación como
9 militantes de Galiza Nova.

10
11 3.- A Asemblea da organización xuvenil de ESG escollerá ao seu máximo ou á súa
12 máxima responsábel entre a súa militancia que a representará no Consello Político
13 Nacional e na Comisión Executiva Nacional do Partido. As Mocidades manterán
14 informada puntualmente das súas actividades á Comisión Executiva do Partido.

15 **CAPÍTULO VII: DAS FINANZAS**

16
17
18 No prazo dun mes a partir da celebración da Asemblea Nacional, a Comisión
19 Executiva presentará para a súa aprobación ao Consello Político a Carta Financeira
20 de ESG na que se recollerán os seguintes criterios:

21 a) Fixación da cota a abonar, tratando de artellar alternativas para aqueles militantes
22 de menor poder adquisitivo. A cota será establecida anualmente polo Consello
23 Político Nacional.

24 b) O abono de cotas farase de forma prioritaria con domiciliación bancaria e
25 semestralmente.

26 c) Centralizarse o abono na Secretaria de Finanzas que reverterá trimestralmente a
27 porcentaxe que se estime total das cotas recadadas por cada comarca para
28 sustentamento dos gastos da mesma.

29 d) Anualmente as comarcas remitirán á Comisión Executiva Nacional o estado de
30 contas, con detalle dos gastos e ingresos tidos nese período.

31 e) Así mesmo o Secretario de Finanzas dará conta á Comisión Executiva Nacional da
32 evolución da situación financeira da organización.

33 f) Anualmente e coincidindo coa primeira xuntanza do Consello Político Nacional, o
34 Secretario Nacional de Finanzas, renderá balanza de contas do exercicio finalizado.
35 Igualmente, presentará proxecto de orzamento para o ano entrante que deberá ser
36 ratificado polo Consello Político Nacional.

37 h) Ademais, na carta financeira concretaranse outros conceptos como salarios, gastos
38 de desprazamentos, dietas, cotas extraordinarias e outros que puideren xurdir.

39 **CAPÍTULO VIII: DA FORMACIÓN**

40
41
42 O Consello Político Nacional de ESG e os Consellos Comarcais procurarán atención
43 importante á formación da militancia, para isto o Partido disporá dunha publicación,
44 coordinada desde o Consello Político Nacional, cuxa función principal será a
45 información política, a formación teórica e o intercambio de ideas. Tamén se
46 procurarán debates, charlas e encontros sobre temas específicos, e calquer outra
47 actividade que mellore a concienciación e cualificación militante.

1 **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

2
3 Como norma xeral para as votacións, sempre que se proceda a elixir persoas para
4 calquer cargo, farase a medio de votación secreta. En calquera caso, e en calquera
5 circunstancia, abonda con que unha única persoa militante solicite o voto secreto,
6 para que este sexa o procedemento utilizado para a votación.
7 Entre a celebración de cada Asemblea Nacional e a consecutiva, a interpretación
8 deste documento é competencia do Consello Político Nacional.

9
10 **DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

11
12 Unha vez celebrada a Asemblea Nacional, no prazo dun mes, ficarán formados os
13 diferentes órganos que emanan das decisións da mesma.
14 Facúltase ao Consello Político Nacional de ESG para as adecuacións necesarias do
15 presente documento coa finalidade da súa legalización.

16
17 **DISPOSICIÓN FINAL**

18
19 Como medio de garantir a participación activa e o control das bases sobre a vida
20 política da organización institúese o REFERENDO DE INICIATIVA MILITANTE. Este
21 referendo poderá ser convocado para a decisión en todos aqueles asuntos que se
22 consideren dunha importancia especial, polo vinte por cento dos militantes, mediante
23 o procedemento de recollida de sinaturas dirixidas ao Consello Político Nacional,
24 sendo os resultados vinculantes para o conxunto da Organización. O Consello Político
25 Nacional garantirá a súa realización no prazo de dous meses a partir da data de
26 recepción das sinaturas, así como a comunicación dos resultados a todas as
27 agrupacións comarcais.

RELATORIO DE ACCIÓN ORGANIZATIVA

PREÁMBULO

Espazo Socialista Galego (ESG) constitúese como partido político integrante do Bloque Nacionalista Galego adoptando como estrutura orgánica a típica de partido socialista de corte clásico, ao abeiro dos principios estatutarios recollidos nos Estatutos que aproba esta mesma Asemblea Nacional Constituínte.

I. ORGANISMOS DE DIRECCIÓN NACIONAIS

1. INTRODUCCIÓN

A referida estrutura orgánica, áxil ao mesmo tempo que democrática, adopta a seguinte estratificación no ámbito nacional:

- ASEMBLEA NACIONAL
- CONSELLO POLÍTICO NACIONAL
- COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL
- SECRETARIA XERAL
- COMISIÓN DE GARANTÍAS

2. ASEMBLEA NACIONAL

A Asemblea Nacional é o máximo organismo de decisión de ESG. Está aberta á participación de toda a militancia e nela deberán deseñarse e aprobarse as liñas mestras do traballo político a desenvolver ata a seguinte Asemblea Nacional. Reunirase ordinariamente cada dous anos previa convocatoria da mesma polo Consello Político Nacional con tres meses de antelación.

Igualmente, poderá convocarse de forma extraordinaria, cunha anterioridade mínima dun mes, cando así o solicite un tercio dos membros do Consello Político Nacional, da Comisión Executiva Nacional ou mesmamente un tercio das asembleas comarcais.

Sen menoscabo do anterior, cómpre potenciar e promover foros nacionais de debate que permitan sen a complexidade técnica e organizativa da Asemblea afondar politicamente naquelas cuestións de interese, así como fomentar a participación da propia militancia. Por conseguinte, convocados polo Consello Político Nacional, poderán celebrarse conferencias nacionais ou encontros para analizar o momento político ou discutir aspectos puntuais da política do BNG e de ESG.

3. CONSELLO POLÍTICO NACIONAL

3.1. Funcionamento

O Consello Político Nacional establécese como máximo organismo de dirección política do Partido entre asembleas nacionais. Conforme os Estatutos, reunirase de forma ordinaria con periodicidade mensual e de forma extraordinaria cando se vexa necesario.

A convocatoria ordinaria, que deberá ser realizada cun mínimo de sete días de antelación, corresponde á Secretaría Xeral. Tamén se reunirá por petición dun tercio dos membros da Comisión Executiva Nacional ou do propio Consello Político. Pola súa banda, a convocatoria extraordinaria será abondo facela con 48 horas de antelación.

Deberá levantarse acta de cada unha das xuntas deste organismo, contemplándose alomenos asistentes e acordos adoptados.

3.2. Composición

Estará composto por:

- Os/as 25 membros natos/as de elección directa na Asemblea Nacional, cuxa elección efectuarase por listas fechadas, que deberán garantir a paridade, e baixo o procedemento proporcional directo.
- Os Secretarios/as comarcais, co obxecto de garantir a representación das comarcas neste organismo e o traslado das decisións adoptadas por este ao conxunto da organización. Neste senso, en todas as comarcas nomearase tamén un Vicesecretario Comarcal que substituirá ao Secretario Comarcal, con voz e voto, cando este non poida asistir á xuntanza.
- Tamén se incorporarán a este organismo aquela militancia do Partido que tomen parte do Consello Nacional do BNG.

4. COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL

4.1. Funcionamento

Constitúese como organismo de execución da acción e actividade política. Por extensión, encargarase da realización de todas aquelas actividades que sexan precisas para o cumprimento das funcións do Partido e que non estexan estatutaria ou regulamentariamente reservadas a outros organismos.

Deberá reunirse cunha periodicidade mínima quincenal e levantarse acta de cada unha das xuntas deste organismo, contemplándose alomenos asistentes e acordos adoptados.

4.2. Composición

A Comisión Executiva Nacional elixirase en lista pechada e a proposta do/a Secretario/a Xeral eleito/a, debendo contar ademais coa aprobación maioritaria da Asemblea Nacional. Durante o período interasamblear, poderá remodelarse este organismo, a proposta do/a Secretario/a Xeral, contando cun refrendo dos 3/5 do Consello Político Nacional.

A Comisión Executiva Nacional estará formada por un mínimo de 7 persoas, entre os que obviamente estará o Secretario/a Xeral, e deberá estar estruturada por áreas concretas de traballo e responder da súa xestión perante o Consello Político Mesa Nacional, contando polo tanto alomenos coas seguintes:

- Secretaría de Organización.
- Secretaría de Finanzas.
- Secretaría de Filiación.
- Secretaría de Muller.
- Secretaría de Mocidade, que corresponderá ao/á máximo/a responsábel da organización xuvenil.
-

5. A SECRETARÍA XERAL

Obstentará a máxima representación interna e externa do Partido a todos os niveis. A tal efecto, corresponderalle a portavocía do Partido sendo, salvo delegación específica, a única voz oficial. Poderá delegar na Secretaría de Organización aquelas cuestións que considere oportunas, se ben esta delegación deberá ser aprobada pola Comisión Executiva Nacional.

II. ESTRUTURAS TERRITORIAIS

No ámbito territorial, o Partido dotarase en cada caso dunha estrutura comarcal en consonancia coa do BNG, ao mesmo tempo que axustada á propia realidade que lle corresponda en cada intre, estratificándose do seguinte xeito:

- ASEMBLEA COMARCAL
- ASEMBLEA LOCAL

A Asemblea Comarcal é o foro primordial de participación e formación da militancia no Partido. Non só é importante aumentar a filiación, senón tamén é fulcral que esta nova afiliación se integre o máis posíbel na vida orgánica do Partido e do BNG, de modo que a súa participación sexa efectiva á hora de asumir o ideario político do Partido.

Cada Asemblea Comarcal elixirá un Secretario/a Comarcal (e un Vicesecretario/a) que representará á súa comarca no Consello Político Nacional.

III. REFORZAMENTO E EXPANSIÓN TERRITORIAL

Eís un dos principais eixos de actuación e traballo do Partido nesta fase vital inicial. Coa axuda e colaboración dos membros do Consello Político Nacional, cómpre polo tanto a actuación en dous planos diferenciados:

- Consolidación e reforzamento dos núcleos comarcais cos que xa se conta procedentes do proceso Espazo Aberto.
- Avanzar nos contactos de cara a constituír novos núcleos comarcais.

IV. RELACIÓNS CO BNG

A actuación de ESG no BNG fundamentarase, nos diferentes ámbitos, polo compromiso e a lealdade coa Frente, ofrecendo en todo momento cobertura externa a todas as decisións e actuacións do BNG, aportando novas reflexións e ideas que enriquezan a Frente e deixando exclusivamente a canais internos a crítica construtiva cando sexa preciso.

V. ACCIÓN SOCIAL

Deberase prestar especial atención á actuación da militancia nos diferentes ámbitos e movementos sociais, tendo claro que a nosa participación no entramado social, desde a respectuosa defensa da democracia e da autonomía funcional das organizacións, é unha fonte fundamental para achegar nova militancia ao Partido e ao BNG.

VI. FINANZAS

Nesta fase vital do Partido, faise necesario artellar o antes posíbel unha estrutura de cotas da militancia, aprobadas polo Consello Político Nacional a proposta da Comisión Executiva, base para o financiamento do Partido, e demais iniciativas económicas que vaian nesta dirección.

VII. MOCIDADE

Desde o claro convencemento de que a incorporación e a formación de mozos/as é un elemento determinante para a expansión e o afortalamento do Partido, desde os organismos de dirección prestarase especial atención e axuda á conformación dunha organización xuvenil como ferramenta necesaria para o avance nestes segmentos sociais.

- 1 No prazo de 3 meses desde a Asemblea Nacional Constituínte das mocidades, estas
- 2 e a dirección de ESG asinarán un protocolo de relación.

RELATORIO IDEOLÓXICO.

Queremos mediante estes documentos base presentar o corpus ideolóxico duña nova forza política galega para representar un modelo organizado do nacionalismo de esquerdas de carácter socialista, republicano e en consecuencia democrático. A nosa existencia está vocacionada a traballar por un lado no seo da sociedade galega e por outro a apurar e mellorar as propostas e rasgos ideolóxicos da Fronte que hoxe en día constitúe o nacionalismo galego maioritario no noso país.

Entendemos que no que respecta ás organizacións políticas propias, o proxecto político do BNG ten plena vixencia como ferramenta política válida para alcanzar o exercicio da Soberanía Nacional para o pobo galego. Así mesmo, para que siga a ser a ferramenta que a sociedade galega precisa, debe conxugar a unidade co respecto á pluralidade interna. O BNG debe continuar a estar integrado polo conxunto de partidos e colectivos nacionalistas de carácter progresista, así como pola filiación non adscrita formalmente. Polo tanto, segue a ter todo o sentido o frentismo que ten caracterizado ao BNG desde o seu nacemento.

PRINCIPIOS IDEOLÓXICOS.

Galiza como nación de cidadáns e cidadás. República galega.

Galiza é unha nación europea formada ao longo dos séculos polas galegas e os galegos, baseándose nunhas determinadas características obxectivas (língua, historia, cultura e territorio común) e sobre todo pola conciencia e a vontade de sermos una nación. O único requisito para ser galega ou galego é ter vontade de selo, quer por ser parte da cidadanía residente no país, quer por razóns de outro tipo. Polo tanto, Galiza, como calquera nación, ten dereito á autodeterminación. Disto derivase que en cada momento histórico debe ser a cidadanía galega quen determine o seu presente e o seu futuro.

Somos conscientes de que o actual cadro xurídico presenta unhas grandes dificultades para provocar mudanzas que posibiliten que a nosa sociedade poda exercer unha auténtica autodeterminación. Mesmo pensando nunha lectura moi laxa da Constitución Española, esta non chega para cumprir que galegos e galegas podan exercer plenamente os seus dereitos nacionais. Desde o Socialismo xenuinamente galego temos como un dos nosos alicerces fundamentais o republicanismo nunha dupla perspectiva: A defensa dunha República Galega federada co resto dos pobos ibéricos e europeos en pé de igualdade. E por outra banda o Republicanismo é a aposta pola participación da cidadanía na xestión diaria da *Res Publica*. Unha democracia onde se crean organismos de participación cidadá nas institucións públicas e se combina a democracia representativa coa participativa. En definitiva, é a defensa da existencia dunha cidadanía realmente consciente de selo e que tamén exerce como tal

Democracia e dereitos humanos.

Unha sociedade auténticamente democrática só é posíbel en liberdade. Avogamos por un réxime político que combine a democracia representativa pluripartidista coa democracia participativa co fin de que se habiliten cada vez maiores espazos para a participación directa dos cidadáns e das cidadás na xestión da *res publica*.

Para a existencia dunha democracia avanzada debe haber unha igualdade real entre todos os membros dunha sociedade, desaparecendo as discriminacións por cuestións de xénero, orientación sexual, língua, relixión, credo político, etc. Polo tanto, desde o novo partido socialista e republicano loitaráse pola desaparición total destas desigualdades.

1 Do mesmo xeito non existe democracia se non se respectan os dereitos humanos e
2 calquera Estado debe ser garante deles tanto no ámbito interno como no
3 internacional.

4 **Un modelo social e democrático.**

6 Lonxe dos ideoloxismos e dogmatismos doutras formacións de esquerda do pasado e
7 mesmo do presente, a nosa organización quere presentar unha esquerda adaptada
8 aos tempos actuais, que máis que servir para satisfacer egos persoais ou diatribas
9 ideoloxistas, sexa a política de esquerda que mellor poda garantir o benestar e a
10 igualdade para a poboación e en especial ás clases máis desfavorecidas. A
11 sociedade claramente estruturada en clases sociais do pasado deu paso a unha
12 sociedade onde os grupos están moito máis fragmentados e que responden a
13 intereses distintos e con moitos máis matices. A sociedade homoxénea, e claramente
14 dividida entre clase burguesa e clase obreira de fábrica, pequenos comerciantes e
15 campesiños pasou á historia. Hoxe hai un crecemento exponencial dos servizos, onde
16 o clásico traballador de fábrica deixou de ter un papel fundamental como motor das
17 mudanzas sociais. Por outro lado, fenómenos como a inmigración crecente ou o papel
18 xa minoritario do sector primario, nunha sociedade que até hai poucos anos era
19 identificada fundamentalmente por el, ten agudizado aínda máis estes cambios. A
20 esquerda, para manterse fiel a si propia, debe analizar a realidade e variar as
21 solucións que poda ofrecer para manter unha defensa efectiva das clases
22 traballadoras. Neste sentido, os obxectivos deben ser reforzar, desde o socialismo
23 democrático que constitúe a nosa ideoloxía, a protección e servizos sociais para todo
24 o mundo. Para iso fai falta tamén unha economía que funcione. Neste sentido,
25 defendemos unha economía onde se combine o sector público co privado e no que o
26 Estado teña un papel redistributivo da riqueza desde o servizo ás maiorías sociais. O
27 noso modelo é, entre outros, o dos países escandinavos, que xunto a un mercado
28 moderno, unha tecnoloxía avanzada e unha educación exemplar, presenta un Estado
29 que actúa como auténtico redistribuidor dos beneficios xerados nas súas sociedades
30 e unha rede de servizos públicos que están entre as mellores do mundo. Cremos pois
31 nuns servizos públicos que dispoñan dun forte financiamento a través dos impostos, e
32 que ese réxime impositivo non actue de rémora para a iniciativa privada.

33 Así mesmo, apostamos pola polo respecto ao multiculturalismo no seo da sociedade
34 galega, colaborando na integración no noso país das persoas provenientes doutros
35 países con culturas distintas á nosa a través de políticas públicas. Estas políticas
36 deberán atender aos dereitos das e dos inmigrantes que veñan ao noso país. A mellor
37 forma de integrar non é creando ghettos ou perseguindo ao que é distinto a nós,
38 senón garantindo a todas as persoas que están á procura dunha vida mellor unhas
39 condicións de vida dignas e ofrecerlles todas as posibilidades de integrárense de
40 forma paulatina na nosa sociedade, enriquecéndoa coa súa cultura e mellorando as
41 condicións materiais para nós e para eles en pé de igualdade

42 **Estado do benestar e defensa do sector público.**

44 O Estado de Benestar representa unha conquista histórica das clases populares e un
45 pilar indispensable da democracia e do desenvolvemento. As políticas para a
46 promoción do traballo, do emprego, a protección social, a eliminación de
47 desigualdades e o xusto reparto de rendimentos, constitúen orientacións esenciais
48 para o Estado democrático. As políticas focadas para os servizos públicos nas
49 diferentes áreas sociais son fulcrais no desenvolvemento e a promoción da cohesión
50 social, con particular destaque na provisión de servizos básicos e nos sectores da
51 sanidade, asistencia ás discapacidades, os sectores educativos e culturais.

1 Hai determinados sectores estratéxicos da economía galega que deben ser rexidos
2 polo Goberno Galego, quer a través de empresas públicas, quer a través de empresas
3 participadas co capital privado. Esta é a única forma de garantir que hai un
4 reinvestimento social dos seus beneficios e que hai un control rigoroso da súa
5 actividade á hora de defender o medio ambiente.

6 7 **Desenvolvemento sustentábel .**

8 Espazo Socialista Galego defenderá un desenvolvemento sustentábel que satisfaga as
9 necesidades do presente sen comprometer a capacidade de futuras xeracións para
10 satisfacer as propias. Nese sentido entendemos que o progreso económico e o
11 desenvolvemento produtivo das nosas industrias nunca pode facerse a custo da
12 destrución dos nosos recursos naturais e paisaxísticos. Debemos insistir nos temas
13 que mais ameazan a nosa terra nese sentido.

14 Outro repto é o da planificación racional da industria forestal, facendo que pouco o
15 pouco se vaian recuperando as especies autóctonas, cando menos nas terras máis
16 fértiles e deixando as terras máis pobres para as plantacións de árbores de medre
17 rápido, como o eucalipto ou o piñeiro, máis non a anarquía imperante nas últimas
18 décadas por unha busca do diñeiro fácil a custo da degradación das nosas terras. Só
19 desde esta planificación e impulso de liñas de exploración que non alimenten aínda
20 máis intereses particulares poderemos comezar a achar un antídoto realmente
21 efectivo para minimizar os efectos destrutores dos incendios forestais.

22 No que atinxe ao tratamento dos residuos sólidos urbanos, defendemos políticas
23 orientadas á aplicación dos tres R.

24 25 **Ordenación racional do territorio.**

26 A planificación do territorio é unha necesidade para o noso país. Estreitamente ligado
27 ao punto anterior é ter unha idea global de qué planificación queremos para o noso
28 país. Así mesmo debemos ter unha planificación das infraestruturas autocentrada e
29 ligada directamente a obter o máximo rendimento por unha relación investimento-
30 beneficio económico, sempre respectando a riqueza natural e paisaxística do país.
31 Entendemos que iso é posíbel sempre que o goberno galego tome decisións racionais
32 e non decisións en función de intereses partidistas ou económicos de curto prazo.

33 Do mesmo xeito debemos continuar co traballo por minimizar o impacto do chamado
34 feísmo esixindo, tal e como se fai nos países máis avanzados, unhas regras a cumprir
35 á hora de edificar. Os planeamentos urbanísticos deberán ter en conta todos os
36 factores apuntados anteriormente.

37 38 **Laicismo.**

39 Os valores laicos e civís deben ser os fundamentos da convivencia democrática e
40 desde eles afrontar o respecto á diversidade cultural e relixiosa. É necesario tamén
41 que as organizacións políticas asuman a responsabilidade de exercer unha pedagogía
42 democrática constante. Temos o deber de defender os valores comúns do laicismo,
43 porque neles asenta o Estado Democrático e os poderes que lle damos á cidadanía.
44 Desde o valor do laicismo teremos que crear as formas de convivencia moral e
45 política da sociedade, que permita avanzar cara a novos modelos en que o Estado
46 non teña que ceder ante as doutrinas relixiosas. O laicismo é unha conquista para a
47 defensa dos valores do humanismo, polo que reafirmar a súa importancia serve para
48 afianzar o garante da liberdade de conciencia e a afirmación de valores comúns que
49 fundamentan a idea de cidadanía por riba das crenzas particulares.

1 **Feminismo.**

2 A loita pola igualdade entre as persoas e a non discriminación por razón de xénero
3 tense afortalado nestes últimos anos e as forzas políticas teñen asumido a
4 necesidade de traballar por iso, aínda que con distintos niveis de compromiso. Esta é
5 unha loita necesaria e prioritaria para avanzar na construción da sociedade
6 democrática. Alén das medidas de tipo paliativo, nomeadamente na cuestión da
7 violencia machista, entendemos que a esquerda e o pensamento progresista en xeral
8 debe abordar esta cuestión de un modo preventivo, mediante a educación, o uso dos
9 medios de comunicación, para que a cidadanía interiorice no máis profundo dos seus
10 valores a igualdade dos homes e das mulleres en todos os ámbitos da vida.
11 Aspiramos a unha sociedade absolutamente igualitaria entre homes e mulleres, e ese
12 debe ser sempre o horizonte final que nos guíe nas nosas actuacións políticas. Por
13 iso, e entendendo que os partidos políticos de esquerda como é o noso teñen a obriga
14 de facer pedagogía política, defenderemos listas paritarias para todas as
15 candidaturas, tanto no seo do BNG como nos nosos órganos internos.
16 Alén diso, participaremos en todos os movementos feministas que están a actuar no
17 noso país, tanto para aprender día a día a mellorar a nosa actuación política como
18 para contribuir co noso grao de area. Estamos a prol da defensa dos dereitos das
19 mulleres, en todos os ámbitos sociais e particularmente no que atinxe á defensa dos
20 dereitos sexuais e reprodutivos, sabendo que neste tema é tamén necesaria a
21 aplicación de medidas preventivas, nomeadamente no campo educativo, incidindo na
22 necesidade de levar á práctica o principio da co-educación.

23 **Língua.**

24 Observamos con preocupación que tras máis de 25 anos de campañas a prol da
25 normalización do noso idioma a língua non só non se ten recuperado, mais ten
26 diminuído a niveis mínimos na poboación máis nova, auténtico garante da
27 supervivencia digna do galego.

28 No que atinxe á língua de ESG deféndese o monolingüismo social en galego. Así
29 mesmo o sistema educativo galego debe promover o multilingüismo e o coñecemento
30 de cantas máis línguas mellor e a pluralidade lingüística como un valor en si propio.

31 Desde as administracións públicas debe haber unha tarefa de planificación lingüística
32 a través de planos participados de normalización que inclúan medidas legais e outro
33 tipo de accións (campañas de sensibilización, cursos, ferramentas, etc.) para ir
34 gañando usos sociais e falantes ao idioma propio da Galiza. Desde as distintas
35 administracións velarase polo cumprimento dos anteditos planos, así como de toda a
36 lexislación en materia lingüística, de tal xeito que se garanta ao conxunto da
37 cidadanía do noso país a posibilidade de poder vivir plenamente en galego.

38 A pertenza do galego ao sistema lingüístico galego-portugués e as oportunidades que
39 esta xera en moi diversos ámbitos debe ser aproveitado por parte da administración.

40 ESG, defende a liberdade normativa tanto no seu seo como na propia sociedade e
41 nas administracións públicas. En consecuencia o partido actuará como exemplo cara
42 a este camiño e para facilitalo comprométese a utilizar en toda a súa documentación
43 interna as dúas normativas utilizadas para o galego no noso país: a chamada
44 normativa da RAG-ILG e a normativa da AGAL.

45 **Encadramento Internacional**

46
47 A Galiza nace como país europeo e como un país que contribuíu, xa desde as
48 cantigas ou o Camiño de Santiago, a esa mesma cultura europea entendida como
49 unha cultura aberta ao mundo, que dá aos demais o que ten e que recibe de fóra o
50 que se lle ofrece. Nese sentido, énos moi difícil percibir as razóns do antieuropeísmo
51 dalgunhas posturas que roza o irracional, ou as reticencias para a comunicación coo
52

1 que é a nosa comunidade lingüística natural, a portuguesa. Alén de romanticismos, só
2 pensar nas potencialidades dunha economía de escala entre a Galiza e Portugal, cun
3 mercado moito máis amplo, como para a internacionalización real do galego se
4 entendido como parte da comunidade lusófona, é algo que se nos fai difícil de
5 entender. Os galegos e galegas debemos apostar de forma efectiva por un
6 reforzamento desas ligazóns a nivel político, económico e mesmo xurídico,
7 posibilitado polo noso encadramento común na UE.

8 No contexto máis xeral de UE, traballaremos no BNG en prol dunha definición clara
9 do modelo político europeo ao que o nacionalismo maioritario deste país aspira.
10 Desde o noso partido avogamos por unha Unión Europea cada vez máis confederal e
11 cada vez menos intergubernamental, único xeito de ir debilitando os recursos legais e
12 de soberanía do Estado Español. Somos conscientes das diferencias que temos coa
13 Europa que se está a construír a nivel económico e social, onde os valores da dereita
14 son cada vez máis preponderantes, pero entendemos que neste caso a
15 responsabilidade non é tanto da Unión Europea em si, como dos Estados e partidos
16 que son maioritarios no Parlamento Europeo. Un peso maior da esquerda implicaría
17 tamén un xiro máis á esquerda da propia Unión. A medio prazo debemos loitar por un
18 maior peso do goberno autonómico galego nas decisións e acordos que o Estado
19 Español toma nos Consellos Europeos. Para iso traballaremos a prol de que o BNG
20 esixa que membros do noso goberno estexan presentes neses encontros cando
21 traten de temas que afecten de forma directa aos nosos intereses como nación. Do
22 mesmo xeito debemos impulsar de forma máis decidida a presenza de representantes
23 propios nas COREPER (Comisión de Representación Permanente), como órgaos
24 técnicos de preparación das distintas cimeiras de ministros a nivel sectorial que se
25 dan como parte da toma de decisións a nivel europeo. Finalmente debemos pular por
26 reactivar a Fundación Galiza-Europa para que actúe de forma máis decidida e
27 efectiva á hora de exercer presión na defensa dos intereses da Galiza. E a longo
28 prazo a nosa aspiración debería ser logramos participar no seo da Unión Europea
29 como un Estado máis.

30 Alén de Europa, a Galiza está integrada nun mundo cada vez máis globalizado, algo
31 que en principio non debería ser negativo. Pero a realidade demostra que esa
32 globalización ten sido feita apenas ao servizo dos intereses dos países máis ricos. O
33 socialismo galego deberá pular por unhas relacións económicas entre os países ricos
34 e pobres máis xustas e unhas economías respectuosas co medio ambiente. Hai que
35 pular por globalizar a xustiza social, globalizar os dereitos humanos, globalizar unha
36 democracia real respectando as características culturais específicas de cada estado,
37 globalizar unhas regras de intercambio dos produtos tanto primarios como
38 manufacturados iguais para todos os estados e mesmo favorecendo aos máis pobres
39 para posibilitar o seu desenvolvemento real. O F.M.I., o Banco Mundial e a O.M.C.
40 deben ser presionados para que deixen dunha vez de estar ao servizo dos países
41 máis industrializados, nomeadamente os E.U., a U.E. e Xapón, e sexam
42 organizacións que se reciclen como entidades ao servizo de todos ou que
43 desaparezan para dar lugar a unhas novas estruturas máis xustas. Para iso a Galiza
44 máis consciente, entre as que se acha a nosa organización, deberá ter unha
45 participación política activa nestes asuntos, e que a súa axenda estexa implicada nos
46 foros e estruturas que presionan para estas mudanzas.

O PROXECTO ESTRATÉXICO DO BNG: O FRENTISMO.

1
2
3 O BNG nace na Asemblea Fundacional de Riazor em setembro de 1982 como unha
4 organización de carácter frentista e asemblear no que se irán integrando partidos e
5 colectivos ao longo dos anos 80 e 90 do século XX. Este definiase como unha Frente de
6 Liberación Nacional, inspirándose nas Frentes de Liberación Nacional do Terceiro mundo.
7 Xa desde o principio a militancia do BNG estaba integrada por membros de partidos e
8 colectivos e por militancia independente. Polo tanto, a pluralidade interna deste forma parte
9 do seu ADN. É precisamente o carácter frentista do BNG, xunto coa reforma da lei electoral
10 e o establecemento no 5% da barreira electoral o que favoreceu a integración de maioría
11 das organizacións políticas nacionalistas que estaba fóra deste (INZAR, o PNG e UG) e
12 mesmo o nacemento doutras forzas políticas no seu seo.

13 Desde o BNG foise capaz de integrar a case totalidade do espazo político nacionalista da
14 Galiza, xa desde a III Asemblea Nacional se deseña a estratexia do Proxecto Común, para
15 facer isto posíbel. Como ven demostrando a historia do movemento nacional nos últimos
16 trinta anos, só a unidade nacionalista é comprendida polo electorado, que penaliza, marxina
17 calquera outra experiencia alternativa.

18 Foi a estrutura frentista a que posibilitou a integración da maioría do espazo nacionalista no
19 BNG, e ao mesmo tempo que o BNG chegase a cada vez máis sectores sociais. Este
20 modelo segue a ter plena vixencia, porén cómpre que se fagan nel uns axustes, de cara a
21 mellorar o funcionamento e a eficacia da propia organización.

22 Nos últimos tempos, o modelo frentista foi cuestionado nas Asembleas nacionais do BNG,
23 por causa dos propios Partidos e Colectivos que o converteron nun modelo de reparto de
24 cotas de xeito desigual entre eles, obviando ás veces que o que debe primar no BNG é a
25 capacidade política.

26 Os distintos partidos e colectivos do BNG deben responder a existencia de distintas visións
27 da sociedade, distintos proxectos ideolóxico-políticos, e non seren simples *lobbies* para o
28 reparto das cotas nos procesos electorais, e para a confección dos organismos de dirección.

29 O feito de que na última Asemblea do BNG se aprobase que a celebración das Asembleas
30 Nacionais vai ser por delegados e delegadas, o cal en rigor, supón a conversión das
31 Asembleas Nacionais en Congresos, reforza a existencia dos colectivos organizados, tanto
32 de carácter formal canto informais.

33 A pluralidade inherente ao Bloque debe conxugarse cun reforzamento do propio BNG, e dos
34 seus organismos. Cómpre que este teña un funcionamento cada vez máis autónomo das
35 organizacións que o integran. A decisións que afectan ao BNG deben ser tomadas de forma
36 colectiva entre o conxunto da militancia do BNG nos seus organismos de dirección. O
37 Bloque non é unha organización instrumental de ningún colectivo integrante da Frente, e a
38 día de hoxe existiría, sen que tivese calquera eiva, aínda que os partidos e colectivos que a
39 integran se disolvesen.

40 Ás veces tense afirmado erroneamente que a existencia de organizacións no seo do BNG o
41 único que fai é xerar unha imaxe de inestabilidade cara á sociedade. Para evitar isto cómpre
42 que por parte dos colectivos que integran o BNG se actúe con responsabilidade, procurando
43 os acordos entre as partes polo ben do proxecto común. O BNG é patrimonio de toda a
44 militancia do BNG e da sociedade galega, xa que é unha ferramenta para avanzar no
45 autogoberno e no benestar social dos galegos e as galegas.

46 Así mesmo, desde Espazo Socialista Galego (ESG) apostamos por candidaturas unitarias
47 no seo do BNG, e entendemos que se debe renunciar a tentar gañar posicións no debate
48 interno empregando os medios de comunicación.

49 O éxito do BNG foi conxugar o modelo frentista co asemblearismo, e polo tanto como
50 organización política progresista defendemos que no BNG débese seguir apostando por dar
51 participación à militancia na toma de decisións característica que o diferencia das outras
52 forzas políticas presentes no noso país. Este debe seguir mellorando na comunicación

1 interna, facéndoa cada vez máis áxil, xa que o mellor axente electoral que ten é a súa propia
2 militancia.

3

4

O BNG E A SOCIEDADE GALEGA

5

6 A Frente patriótica, a diferenza das outras forzas políticas presentes nas institucións do
7 noso país, é ante todo unha ferramenta creada pola cidadanía do noso país e para ela, co
8 albo de avanzar na construción nacional e o benestar social das galegos. Polo tanto, non é
9 un fin en si propia e ten vocación hexemónica tanto no plano social como no electoral.

10 Para facer hexemónico o seu proxecto político o BNG debe fixarse como obxectivo aumentar
11 a militancia, xa que isto, a través dunha militancia cada vez máis diversa e pertencente a
12 distintos segmentos e clases sociais, vai favorecer que o BNG estea presente en máis
13 ámbitos. Debe alcanzar este obxectivo empregando a presenza nas institucións, na medida
14 en que esta favorece chegar á maioría da sociedade. Cómpre tamén que o nacionalismo
15 galego gañe a centralidade no sistema de partido galegos. Porén, isto non significa facer
16 políticas conservadoras desde a esquerda democrática; pódese e débese gobernar para as
17 maiorías sociais. É posíbel gobernar para o conxunto da sociedade, e atraer a vellos
18 votantes do PP, que ven que coa implementación de políticas públicas progresistas mellora
19 o seu nivel de vida e que Galiza, a través dunha forza política de seu, avanza.

20 O obxectivo é que a maioría social galeguista que sempre existiu no noso país teña como
21 referente ao BNG e aposte politicamente por el.

22 Historicamente a presenza da militancia nacionalista no tecido asociativo galego, tamén da
23 existencia dunha serie de movementos sociais de carácter nacionalista ten sido fulcrais no
24 avance político do BNG. Xa que logo, cómpre que siga existindo esta participación e que
25 desde o nacionalismo galego se sigan a reforzar os movementos sociais. Tamén, se deben
26 crear sinerxias entre o nacionalismo político e os movementos sociais. Porén, debe haber un
27 respecto pola independencia recíproco. Estes non poden ser unha correa de transmisión de
28 calquera forza política inserida no BNG, nin se pode pretender dirixir a política do BNG
29 desde os movementos sociais. O BNG debe ter plena liberdade para deseñar a súa política
30 nos distintos ámbitos, xa que debe gobernar para o conxunto da sociedade.

31 A presenza do BNG nas distintas institucións, e nos gobernos locais e da comunidade
32 autónoma débese valorar positivamente, tendo en conta que as grandes transformacións
33 sociais sempre se realizan desde estas. Porén, esta presenza non é un fin en si propia. O fin
34 é o avance na posta en práctica do políticas nacionalistas e progresistas como leva facendo
35 o BNG desde a súa fundación. Dada a importancia da acción de goberno debe haber cada
36 vez unha maior conexión entre o BNG e a acción política que desenvolve o nacionalismo
37 nas institucións tanto cando se está no goberno como cando se está na oposición. Ao cabo
38 o mellor axente electoral que ten o BNG é a súa militancia e os seus simpatizantes.

39 O BNG é un proxecto político soberano, nacido da sociedade galega e polo tanto, non é
40 apéndice de calquera outra forza política presente na Galiza. Tamén isto se debe reflectir na
41 política de pactos en todas as institucións, baseando estes nun programa común de
42 goberno, que camiñe cara a construción nacional e o aumento do benestar social.

43 O Nacionalismo Galego debe ser a forza modernizadora da sociedade galega, así como o
44 fora en Europa e no resto do mundo os partidos socialistas. No noso país non se pode falar
45 de políticas progresistas e de forzas progresistas sen falar do BNG.

46

47

O SOCIALISMO GALEGO NO BNG: O PROCESO ESPAZO ABERTO.

48

49 A principios deste ano 2008 un grupo de militantes procedentes de distintos ámbitos do
50 nacionalismo galego (chegados de organizacións partidarias e non partidarias) decidimos
51 constituír unha nova forza política no seo do BNG de carácter socialista. Este é un proceso
52 aberto no que aspiramos a que se integre o conxunto dos militantes do BNG que ten esa

1 visión da sociedade. Este é un proceso aberto para a militancia individual e para aqueles
2 colectivos que compartan os principios ideolóxico-políticos do proceso Espazo Aberto.
3 Historicamente no seo do BNG a existencia de colectivos distintos non respondeu a
4 proxectos ideolóxicos suficientemente diferenciados, quer no relativo á concepción do
5 nacionalismo galego, quer no modelo de sociedade. Desde o ESG apostamos pola unidade
6 do Socialismo Galego. No entanto non se consiga esa desexábel unidade nun proxecto
7 partidario entre os colectivos e a militancia independente que ten unha mesma visión da
8 sociedade e do BNG e unha práctica política coherente con eses principios, debería haber
9 cando menos unha unidade de acción entre estes.

10 O único referente político no noso país para o ESG é o BNG, tendo claro que de non existir
11 habería que crealo. En consecuencia con isto, desde o socialismo xenuinamente galego
12 apostamos por reforzar o BNG, e as súas estruturas políticas. Cómpre que a nosa militancia
13 teña unha participación activa no quefacer diario da Frente Nacionalista. Reforzando o BNG
14 estamos a reforzar o noso propio proxecto político. Debemos ser defensores da participación
15 da militancia na toma de decisións e que estas se tomen nos organismos do BNG, en
16 coherencia coa nosa defensa do assemblearismo.

17 Paralelamente é fundamental a nosa participación no rico tecido asociativo. Debemos facer
18 unha mención a parte aos centros sociais que se están a crear polo país adiante, e que
19 están a xogar un papel importante na dinamización cultural e política de determinadas vilas
20 do noso país e que deben contar coa nosa colaboración, para expandir o proxecto político
21 nacionalista e socialista de cara a ampliar a base social e electoral do nacionalismo galego.